

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No mencionado decreto, faise especial fincapé no feito de que o Proxecto Competencial se vincule no desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. En 3º ESO esta materia configúrase a modo de traballo monográfico sobre a figura de Pablo Picasso. Compre destacar que ó finalizar o proxecto, pretendemos ofrecer un de servizo á comunidade, xa que o alumnado terá que presentar o proxecto nos colexios da contorna. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os diferentes saberes.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 4 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 15 anos. Ningún destes catro alumnos é repetidor e ademais ningún presenta dificultades de aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Pablo Picasso, o cubismo e o seu contexto histórico	Traballo de investigación sobre a figura de Pablo Picasso, o cubismo e o contexto histórico da primeira metade do século XX	20	10	X		
2	Ferramentas TIC para elaborar a información recollida na fase investigación.	O grupo seleccionará unhas ferramentas TIC para poder expor o seu traballo.	35	10		X	
3	Presentando o noso proxecto.	Elaboración do produto final e exposición do traballo.	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Pablo Picasso, o cubismo e o seu contexto histórico	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da figura de Pablo Picasso e o contexto histórico da primeira metade do século XX	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Ferramentas TIC para elaborar a información recollida na fase investigación.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentando o noso proxecto.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Pablo Picasso, o cubismo e o seu contexto histórico"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupo de traballo cooperativo, no cal cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Nas primeiras sesións da PRIMEIRA AVALIACIÓN determinouse o tema sobre o que o grupo quixo investigar. Para escoller o tema, o alumnado visitou a biblioteca e acordou seleccionar algún tema dos expostos (temas de ciencia; literatura; poesía; arte etc...). O grupo detívose na sección de arte e escolleu elaborar un traballo de investigación sobre a figura de Pablo Picasso. Iniciouse o traballo de investigación seleccionando diferentes fontes de información: fundamentalmente libros e material da biblioteca así como información na rede.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, o grupo cooperativo buscará ferramentas TIC para poder expoñer e presentar o seu proxecto. A continuación ofrecemos algunhas opcións:

- Genially
- Canva
- Power-Point
- Ferramentas TIC para elaborar unha infografía

Unha vez determinadas as ferramentas que queren usar, porase en marcha o proceso de curación de materiais e volcado da información que buscaron na primeira avaliación (seleccionarán a información que queren transmitir e as ferramentas que queren usar para expoñer o proxecto)

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará o seu produto final.

Nun primeiro momento, trataremos de facer unha pequena exposición nos taboleiros e corredores do instituto para consulta do alumnado do centro. Por outra banda, levaremos o noso proxecto ó alumnado dos centros adscritos (CEIP Montemogos e CEIP Torre Cela). Os alumnos prepararán a presentación do proxecto e estableceremos unhas datas para poder visitar os centros educativos adscritos. Coa colaboración das persoas titoras e a dirección deses centros determinaremos a que curso presentaremos o noso proxecto.

Neste proxecto, traballaranse especialmente as seguintes competencias clave.

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libreta
Aula de informática e iPads

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional. Os catro alumnos desta materia traballaran xuntos para fomentar a aprendizaxe colaborativa e a interacción entre eles. Deste xeito, os alumnos poderán reflexionar, debater, aprender apoiándose entre eles e enriquecerse nesta socialización. Nalgunha ocasión o alumnado tamén irá a aula de informática para poder así desenvolver a competencia dixital e levar a cabo tarefas como a búsqueda de información na rede, a visualización de vídeos e recursos interactivos, a elaboración de materiais dixitais ou a presentación de traballos mediante diapositivas e outras ferramentas TIC.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: selección do tema de traballo para o proxecto que queremos desenvolver; presentación de dossier informativo co plan de traballo.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: volcado do traballo de investigación no formato dixital escollido.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e táboas de marcadores asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, exposición do proxecto etc

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A proba escrita faríase na primeira quinxena do mes de xuño

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tal e como se establece no Artigo 51 Da orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011 de atención á diversidade, para o alumnado que non supere esta materia elaborárase un "Plan de reforzo" para axudar ó alumnado a recuperar a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as, establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición do proxecto no hall do centro	Difusión informativa do proxecto.			
Exposición e defensa do proxecto nos centros adscritos	Explicación do proxecto ó alumnado de primaria			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

1. Exposición do proxecto en primaria

Para a exposición do proxecto nos colexios adscritos (CEIP Torre Cela e CEIP Montemogos) o alumnado de Proxecto Competencial redactará un correo electrónico dirixido ás persoas titoras e direccións dos mencionados centros para acordar a data que mellor conveña (a finais da terceira avaliación) para a exposición do noso proxecto. De ter dispoñibilidade horaria nos centros que nos reciben e se a temporalización nolo permite (esta materia só dispón dunha hora á semana) proporemos un pequeno obradoiro para o alumnado de primaria en torno á figura de Pablo Picasso, unha vez realizada a defensa e exposición do noso proxecto. Trataremos de que o obradoiro se axuste ó nivel de desenvolvemento de cada grupo de primaria (desde un obradoiro máis manipulativo, con debuxos para pintar ata a realización dun "kahoot" con actividades tipo test sobre a figura de Pablo Picasso).